

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

7582 *Real decreto 683/2017, do 30 de xuño, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo, en relación coa cobertura do risco de crédito en entidades financeiras.*

I

O artigo 13 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades (en diante, LIS), prevé no seu número 1 un desenvolvemento regulamentario para establecer as normas relativas ás «circunstancias determinantes da deducibilidade das dotacións por deterioración dos créditos e outros activos derivados das posibles insolvencias dos debedores das entidades financeiras e as concernentes ao importe das perdas para a cobertura do citado risco».

A razón non é outra que as específicas características da actividade e o obxecto social destas entidades, que fai necesaria a regulación dun réxime fiscal especial adaptado a esas características específicas, entre as cales, en especial, se encontra a aplicación dun réxime contable sectorial singular, cuxa aprobación está encomendada ao Banco de España e que, fundamentalmente, contén a Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros.

Neste contexto, o que se veu producindo é unha prescrición regulamentaria que establece os axustes e modulacións que se deben producir desde un punto de vista fiscal respecto do réxime contable das coberturas por risco de crédito que contén a circular do Banco de España e, en particular, no seu anexo IX. Esta regulación fiscal de carácter regulamentario consta no capítulo III do título I do Regulamento do imposto sobre sociedades (en diante, RIS), aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo.

Pois ben, a mencionada Circular 4/2004 foi obxecto dunha importante modificación no pasado ano 2016, mediante a «Circular 4/2016, do 27 de abril, do Banco de España, pola que se modifican a Circular 4/2004, do 22 de decembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros, e a Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a Central de Información de Riscos».

Esta modificación da Circular 4/2004, entre outros aspectos, aprobou un novo anexo IX, que introduciu cambios relevantes tanto no ámbito conceptual coma no metodolóxico para a cuantificación das coberturas por riscos de crédito.

Na medida en que a redacción actual do capítulo III do título I (artigos 8 e 9) do RIS se corresponde co que se dispoñía nesta materia na redacción anterior da Circular 4/2004 e, en particular, no seu anexo IX, resulta imprescindible modificalo para adecualo aos cambios producidos na citada normativa contable.

II

Este real decreto consta dun artigo único, con cinco puntos e unha disposición derradeira.

O punto un do artigo único modifica o artigo 8 do RIS, no cal o único cambio incorporado consiste na inclusión dunha referencia a que o previsto no capítulo será de aplicación ás sociedades para a xestión de activos a que se refire o artigo 3 da Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, independentemente do grao de participación das entidades de crédito nelas, e ás entidades que formen parte do mesmo grupo de sociedades da entidade de crédito no sentido do artigo 42 do Código de comercio, ben que exclusivamente para os efectos da regulación

que se incorpora no número 4 do artigo 9 sobre a deducibilidade de dotacións derivadas das deterioracións de determinados activos inmobiliarios.

O punto dous modifica o artigo 9. No seu número 1 regulouse a deducibilidade desde o punto de vista fiscal das coberturas específicas de risco de crédito e as súas principais novidades derivan das modificacións introducidas na circular contable.

Así, dentro destas coberturas específicas de risco de crédito, no novo anexo IX da circular xa non se determinan, como acontecía ata a citada modificación, unhas contías mínimas que deberían dotar as entidades.

Segundo este novo anexo, as dotacións calcúlanse aplicando unhas metodoloxías propias ou internas elaboradas polas entidades de crédito para a estimación de coberturas. Esa estimación débese facer, ben de forma individualizada para determinados casos -fundamentalmente nas denominadas operacións significativas- ou ben de forma colectiva.

Porén, nas estimacións colectivas, o anexo ofrece unhas solucións alternativas para o caso de que as entidades non desenvolvesen metodoloxías internas.

Á vista deste novo esquema, neste número 1 adaptouse a deducibilidade fiscal das dotacións por coberturas específicas a este importante cambio.

Agora ben, e cunha finalidade similar á que se perseguía coa anterior redacción dese punto, optouse por limitar a deducibilidade das dotacións, como máximo, ao importe resultante de aplicar as sinaladas solucións alternativas que contén o anexo. E iso tanto no caso de que se apliquen directamente estas solucións alternativas como na hipótese de que a entidade utilizase metodoloxías internas na estimación colectiva destas coberturas.

Como caso particular, hai que destacar que a modificación da circular non introduciu cambios en relación coa estimación das coberturas do denominado «risco-país».

Por tanto, neste caso considerouse procedente manter o esquema de deducibilidade ata agora previsto no regulamento, é dicir, a dedución das contías mínimas de dotación a que se refire o anexo IX para cubrir este tipo de riscos.

No número 2 do artigo 9 regúlanse as excepcións ou exclusións á deducibilidade fiscal das dotacións de determinados créditos, ben polas características do debedor ou ben porque non se aprecia a existencia dun risco suficiente.

Aquí tamén hai que ter en conta que o novo anexo IX da circular introduciu novidades significativas en relación coa categorización dos riscos de crédito, fundamentalmente a desaparición da categoría denominada «riscos subestándar» e a regulación dunha nova categoría denominada «riscos normais en vixilancia especial».

Ademais, tamén hai novidades importantes en relación coa metodoloxía de cálculo das coberturas, en particular, no que respecta ás garantías reais e ao tratamento dado ás modificacións das condicións das operacións, por exemplo, refinanciamentos ou reestruturacións.

Por unha parte, neste punto mantéñense, ben que con algunhas precisións puntuais, as exclusións relativas aos créditos debidos por entidades públicas, por persoas ou entidades vinculadas e por partidos políticos, sindicatos e determinadas entidades. Por outra parte, inclúense novas referencias a créditos nos cales non existe risco aparente, coas pertinentes e necesarias adaptacións terminolóxicas e de concepto, que derivan da nova regulación da circular nesta materia.

No número 3 regúlase a deducibilidade das dotacións correspondentes ás coberturas xenéricas, que se corresponden coas categorías de risco normal ou risco normal en vixilancia especial, reguladas no anexo IX, e mantense a limitación de deducibilidade do un por cento da variación positiva dos correspondentes riscos no período impositivo, e tamén con determinadas exclusións de créditos para os efectos do cálculo da dotación deducible.

Por último, no número 4 establécese a deducibilidade das dotacións derivadas da perda de valor dos activos inmobiliarios adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas, aos cales se refire a epígrafe V do anexo IX da Circular 4/2004, seguindo o criterio de que esta deducibilidade se debe producir tanto se os activos permanecen no balance das entidades de crédito como se se achegan, transmiten ou manteñen en sociedades para a xestión de activos a que se refire o artigo 3 da Lei 8/2012, do 30 de

outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, ou ás entidades que formen parte do mesmo grupo de sociedades da entidade de crédito no sentido do artigo 42 do Código de comercio, sempre que non se superen os importes e se realicen cos criterios da circular. A este respecto, hai que destacar que a amplitude da habilitación legal para o desenvolvemento regulamentario da deducibilidade de dotacións, en caso de deterioración de créditos e outros activos, ampara as previsións deste número, sempre que derive da existencia previa de créditos en entidades financeiras.

O punto tres introduce no regulamento unha nova disposición transitoria, a sexta, que contén a regulación relativa ao risco de crédito de entidades financeiras xerado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, para os efectos de seguir mantendo a non deducibilidade dos saldos globais das dotacións por deterioración dos créditos e outros activos derivados das posibles insolvencias dos debedores das entidades financeiras que non fosen deducibles conforme a anterior redacción do artigo 9 do RIS.

O punto catro inclúe unha nova disposición transitoria sétima, que establece a aplicación transitoria aos fondos de titulización, a que se refire o título III da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, do artigo 9 do regulamento na súa redacción que existía ata este momento, na medida en que a normativa contable deste tipo de entidades non foi obxecto de ningunha modificación similar á que se produciu no caso da repetidamente citada Circular 4/2004, do Banco de España.

Pola súa banda, o punto cinco, por unha motivación similar á anterior, inclúe unha nova disposición transitoria oitava, que establece a aplicación transitoria aos establecementos financeiros de crédito (aos cales a disposición adicional primeira da Lei 5/2015 atribúe para os efectos fiscais o tratamento que resulte aplicable ás entidades de crédito) do artigo 9 do regulamento na súa redacción que existía ata este momento, ata que se execute o desenvolvemento regulamentario específico para a remisión de información contable por parte deles, tal como prevé a disposición transitoria quinta da dita Lei 5/2015.

Por último, a disposición derradeira única establece a entrada en vigor do real decreto o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado* e, así mesmo, que terá efectos para os períodos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2016, o que é coherente co feito de que a sinalada modificación da circular contable se aplicase xa ao exercicio 2016.

III

Este real decreto, de acordo co título competencial sinalado no Real decreto 634/2015, do 10 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre sociedades, dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Na súa virtude, conforme a habilitación para o desenvolvemento regulamentario que contén o artigo 13.1 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xuño de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo:

Un. Modifícase o artigo 8, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 8. *Ámbito de aplicación.*

O previsto neste capítulo será de aplicación ás entidades de crédito obrigadas a formular as súas contas anuais individuais de acordo coas normas establecidas polo Banco de España, así como ás sucursais de entidades de crédito residentes no estranxeiro que

operen en España. Tamén se aplicará, se é o caso, ás sociedades para a xestión de activos a que se refire o artigo 3 da Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, así como ás entidades que formen parte do mesmo grupo de sociedades da entidade de crédito no sentido do artigo 42 do Código de comercio, en relación cos activos inmobiliarios adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas, nos termos establecidos no número 4 do artigo 9 deste regulamento.

Así mesmo, resultará de aplicación aos fondos de titulización a que se refire o título III da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, en relación coa deducibilidade das correccións valorativas por deterioración de valor dos instrumentos de débeda valorados polo seu custo amortizado».

Dous. Modifícase o artigo 9, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 9. *Cobertura do risco de crédito.*

1. Serán deducibles as dotacións correspondentes ás coberturas específicas do risco de crédito que resulten da aplicación das metodoloxías propias e metodoloxías internas para a estimación de coberturas previstas no anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de Estados financeiros, con independencia de que se consideren individualizada ou colectivamente. Non obstante, o total agregado das dotacións resultantes de metodoloxías internas para as estimacións colectivas unicamente será deducible ata o importe total agregado que resulte de aplicar as porcentaxes de cobertura estimadas polo Banco de España a modo de solución alternativa para tales estimacións colectivas que contén o referido anexo IX.

No caso de entidades que non desenvolvesen metodoloxías internas, serán deducibles, como máximo, as dotacións por coberturas específicas de risco de crédito que resulten de aplicar as porcentaxes de cobertura estimadas polo Banco de España a xeito de solución alternativa sinaladas no parágrafo anterior.

Tratándose da cobertura do denominado risco-país, serán deducibles as dotacións que non excedan o importe das coberturas mínimas previstas nas normas establecidas no anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España.

2. En ningún caso serán deducibles as dotacións correspondentes á cobertura do risco dos seguintes créditos:

a) Os identificados como operacións sen risco apreciable de acordo co anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España.

b) Os debidos ou afianzados por entidades de dereito público, agás que sexan obxecto dun procedemento arbitral ou xudicial que verse sobre a súa existencia ou contía.

c) A parte dos créditos garantidos con garantías reais eficaces, determinadas de acordo co anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España, e unha vez aplicados os descontos sobre o valor de referencia alí establecidos.

d) A parte dos créditos garantida por garantes identificados como sen risco apreciable ou con contratos de seguro de crédito ou caución.

e) Os debidos por persoas ou entidades vinculadas de acordo co establecido no artigo 18 da Lei do imposto, salvo que estean en situación de concurso e abraise a fase de liquidación o xuíz, nos termos establecidos na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

f) Os debidos por partidos políticos, sindicatos de traballadores, asociacións empresariais, colexios profesionais e cámaras oficiais, salvo que estean en situación de concurso e abraise a fase de liquidación o xuíz, nos termos establecidos na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, ou concorran outras circunstancias debidamente xustificadas que evidencien unhas reducidas posibilidades de cobramento.

g) Tratándose da cobertura do denominado risco-país, non serán deducibles as dotacións para cubrir as exposicións fóra de balance.

3. Serán deducibles as dotacións correspondentes ás coberturas xenéricas que correspondan a risco normal e risco normal en vixilancia especial a que se refire o anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España, co límite do resultado de aplicar o un por cento sobre a variación positiva global no período impositivo do importe dos riscos que, de acordo cos criterios establecidos no referido anexo IX, deba ser obxecto de cobertura xenérica, excluídos os correspondentes aos créditos enumerados no número 2 deste artigo e aos valores negociados en mercados secundarios organizados.

4. Para os efectos do previsto neste artigo, serán deducibles as dotacións por deterioración dos activos inmobiliarios adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas das entidades de crédito aos cales sexa de aplicación a epígrafe V do anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España, que permanezan no balance da entidade de crédito, sempre que non superen os importes que resulten do establecido na devandita epígrafe V.

No suposto de que os activos inmobiliarios adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas das entidades de crédito se acheguen, transmitan ou manteñan nunha sociedade para a xestión de activos a que se refire o artigo 3 da Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, ou nunha entidade que forme parte do mesmo grupo de sociedades da entidade de crédito no sentido do artigo 42 do Código de comercio, serán deducibles, sempre que se respecten os criterios da Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España, e polo importe máximo que resultaría de aplicar a citada epígrafe V ás dotacións por correccións derivadas da perda de valor dos activos, tanto se consisten en dotacións por deterioración dos activos inmobiliarios efectuadas nesas sociedades ou entidades como, se é o caso, en dotacións efectuadas na entidade de crédito por deterioración do valor das súas participacións nelas ou por outras deterioracións derivadas da perda de valor dos activos inmobiliarios.

Non obstante, as sinaladas dotacións deducibles na entidade de crédito terán como límite o importe máximo a que se refire o parágrafo anterior minorado nas dotacións por deterioración dos activos inmobiliarios que resultasen fiscalmente deducibles nas citadas sociedades e entidades. Neste caso, no suposto de que sexa de aplicación o réxime especial de consolidación fiscal regulado no capítulo VI do título VII da Lei do imposto, o importe que resulte fiscalmente deducible non será obxecto de eliminación.

No suposto de que conforme a normativa vixente a entidade de crédito non puidese aplicar o réxime especial de consolidación fiscal coas citadas sociedades ou entidades, as dotacións por deterioración dos activos inmobiliarios nestas últimas terán como límite o importe máximo a que se refire o parágrafo segundo deste punto, minorado nas dotacións por deterioración de participacións ou por outras deterioracións derivadas da perda de valor dos activos inmobiliarios que resultasen fiscalmente deducibles na entidade de crédito, de acordo co establecido no dito parágrafo».

Tres. Engádesse unha disposición transitoria sexta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria sexta. *Risco de crédito de entidades financeiras xerado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.*

1. As dotacións por deterioración dos créditos e outros activos derivados das posibles insolvencias dos debedores das entidades financeiras que resultasen non deducibles de acordo co artigo 9 deste regulamento, segundo a redacción vixente para os períodos impositivos iniciados antes do 1 de xaneiro de 2016, rexeranse polas seguintes regras:

a) Os saldos non deducibles correspondentes ás coberturas por risco de crédito e outros activos derivados de insolvencias de debedores existentes en 31 de decembro de 2015 manterán a dita consideración e o seu período impositivo de

xeración, ata o importe dos saldos existentes en 31 de decembro de 2016 que resulten non deducibles por aplicación do disposto no artigo 9 deste regulamento.

b) O incremento neto do saldo global non deducible existente en 31 de decembro de 2016 respecto ao existente en 31 de decembro de 2015 considerárase que corresponde a unha dotación xerada no período impositivo 2016.

A diminución neta do referido saldo integrárase na base imponible de acordo co establecido na Lei do imposto, aplicando, se é o caso, o previsto no artigo 11.12 da dita lei.

2. No caso de aplicación do réxime especial de consolidación fiscal regulado no capítulo VI do título VII da Lei do imposto, os importes a que se refire o punto anterior referiranse ao grupo fiscal».

Catro. Engádesse unha disposición transitoria sétima, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria sétima. *Deterioración de instrumentos de débeda dos fondos de titulización.*

Mentres se mantéña a redacción orixinal da Circular 2/2016, do 20 de abril, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre normas contables, contas anuais, estados financeiros públicos e estados reservados de información estatística dos fondos de titulización, no referente ás correccións por deterioración de valor dos instrumentos de débeda valorados polo seu custo amortizado dos fondos de titulización a que se refire o título III da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, a deducibilidade das dotacións correspondentes a estas determinarase aplicando os criterios establecidos no artigo 9 deste regulamento na súa redacción vixente en 31 de decembro de 2015».

Cinco. Engádesse unha disposición transitoria oitava, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición transitoria oitava. *Risco de crédito en establecementos financeiros de crédito.*

De acordo co establecido na disposición adicional primeira da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, e mentres non se execute o desenvolvemento regulamentario específico para a remisión de información contable por parte dos establecementos financeiros de crédito a que se refire a disposición transitoria quinta da dita lei, a deducibilidade das dotacións correspondentes á cobertura do risco de crédito determinarase, para os citados establecementos financeiros de crédito, aplicando os criterios establecidos no artigo 9 deste regulamento na súa redacción vixente en 31 de decembro de 2015».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e terá efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Dado en Madrid o 30 de xuño de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Función Pública
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO